



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE MARZO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. Cristina Cadena Freire. Dn. Emilio Mesías Farías.</p> <p>ASISTEN VIDEOCONFERENCIA : Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día vinte e nove de marzo do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta de 23 de febreiro de 2021.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión plenaria do día 23-02-2021 o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Aprobación Ordenanza do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais.

Dáse conta do “Requirimento para a tramitación da ordenanza de saneamento segundo o Decreto 141/2012 e a tramitación de permisos de vertedura” emitido por Augas de Galicia de data 23 de outubro de 2020 que a continuación se transcribe;

O Departamento de Explotación de Augas de Galicia comunícalle os seguintes aspectos en relación co Sistema de Saneamento do Concello de Ares.

O Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia establece, entre outros, os seguintes aspectos:





Unha vez que xa transcorreron dous anos desde a entrada en vigor do Regulamento marco, as entidades locais deberían ter adecuadas as súas ordenanzas e regulamentos sobre planificación, deseño, uso e verteduras ás redes de sumidoiros ao disposto nel, entendéndose de aplicación directa o Decreto 141/2012 dende entón en todos aqueles aspectos que resulten incompatibles con el (ver disposición transitoria primeira).

A responsabilidade da entidade xestora (Concello) de velar polo cumprimento do requirido no decreto 141/2012 e as súas ordenanzas locais, incluíndo o control de verteduras e a tramitación de permisos de vertedura.

Prohibición de vertedura ás redes de sumidoiros e colectores de augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumbran o esixido na respectiva ordenanza ou regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións afectas ao servizo (artigo 2 c).

A necesidade de dispor dun permiso de vertedura para os/as usuarios/as que cumpran os requisitos indicados no devandito Decreto.

A obrigatoriedade para as entidades locais de comunicar a Augas de Galicia, dentro do mes seguinte ao da resolución de que se trate, os permisos de vertedura outorgados no seu ámbito consonte as disposicións deste regulamento, así como a súa revisión, modificación, suspensión ou revogación (art. 33.1).

Adicionalmente, a recente *Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario*, na súa disposición derradeira segunda, modifica a Lei 9/2010, establecendo que na falta de ordenanza local en materia de verteduras á rede de saneamento e depuración de augas residuais, as entidades locais serán competentes, nos seus respectivos ámbitos competencias, para o exercicio da potestade sancionadora polos feitos descritos nas letras b) e e) do artigo 85 da Lei 9/2010. Esta modificación permite, polo tanto, a aplicación directa do réxime sancionador previsto na Lei 9/2010 en ausencia dunha ordenanza municipal relativa ao saneamento (ou no caso de que a ordenanza non dispoña de réxime sancionador), facilitando a actuación do Concello contra as verteduras ilegais cara á rede de saneamento.

En relación co anteriormente exposto, en primeiro lugar comunicámoslle que no momento de redacción do presente documento, Augas de Galicia non ten constancia de que o Concello de Ares dispoña dunha Ordenanza de Saneamento debidamente adaptada ao establecido no regulamento indicado.

Solicítaselle, ao amparo do Decreto 141/2012:

-A tramitación da ordenanza correspondente.

-A aplicación do control de verteduras á rede de saneamento, incluíndo a tramitación dos permisos de vertedura correspondentes.





Mentres non se produza a tramitación da Ordenanza, lémbrales que as prohibicións e limitacións recollidas no Decreto resultan de aplicación directa, así coma o réxime sancionador.

Segundo se establece no devandito Decreto, é responsabilidade do concello esixir aos/ás usuarios/as non domésticos que dispoñan do permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así coma dispor dun censo dos/as usuarios/as con permiso de vertedura e remitir a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura indicados.

Coa fin de facilitar a tramitación de ordenanza e permisos de vertedura, achego ao presente documentación de apoio que pode ser utilizada como base para o desenvolvemento dos documentos necesarios. Inclúense:

- Copia do Decreto 141/2012.
- Guía acerca do procedemento de solicitude de permisos de vertedura (para orientar no proceso de tramitación tanto ao Concello coma aos/ás usuarios/as).
- Modelo de ordenanza de saneamento (a tramitar polo Concello)
- Modelo de solicitude de permiso de vertedura (para enviar desde o Concello aos/ás distintos/as usuarios/as).
- Modelo de permiso de vertedura (a adaptar por parte do Concello e tramitar para cada usuario/a).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital O xefe do Departamento de Explotación

Juan Pablo Barrio Martín

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que aínda que xa hai ordenanza do servizo de saneamento pero non regula todo.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando si entraría en vigor o ano que ven.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, iso é no caso das ordenanzas e fiscais pero non é o caso, polo tanto entraría en vigor o día seguinte a súa publicación.

Sometida a votación a aprobación a **“Ordenanza do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais”** o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSDG-PSOE, 1 de NAL) e 5 abstencións (3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Dar conta da aprobación liquidación orzamento 2020.

Dáse conta do Informe de intervención “Liquidación Orzamento 2020” de data 22 de Marzo de 2021 do seguinte teor literal:

INFORME DE INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2020





En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención por resolución número 112/2021, de oito de marzo de 2021 en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2020, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítese o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

TERCEIRO. Aplicarase cada unha das Instrucións de Contabilidade normal:

O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os 300.000 euros e a súa





poboación sexa superior aos 5.000 habitantes, e nas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

CUARTO. A liquidación do Orzamento poñerá de manifesto:

- A) Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:
- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
 - Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - As obrigas recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - Os pagos realizados, son indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas.
 - As obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020.
 - Os remanentes de crédito.
- B) Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:
- As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 - Os dereitos recoñecidos.
 - Os dereitos anulados.
 - Os dereitos cancelados.
 - Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
 - A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 - Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2020.
 - A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.
 - A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:

- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).





SEXTO. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 om fome e 19 do Real Decreto legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismo e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 e marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.

SÉTIMO. O procedemento a seguir será o seguinte:

Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Da liquidación de cada un dos Orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.

Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

OITAVO. Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2020, comprobouse que as súas cifras arroxan a información esixida polo artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

- Créditos iniciais: 6.512.396,68 euros.
- Modificacións de créditos: 1.597.737,95 euros.
- Créditos definitivos: 8.108.134,63 euros.
- Obrigas recoñecidas netas: 6.630.845,56 euros.
- Pagos recoñecidos netos: 6.109.839,53 euros.
- Remanentes de crédito totais: 1.477.289,07 euros.
- Gastos comprometidos: 6.712.987,80 euros.
- Obrigas pendentes de pago a 31-12-20 : 521.006,03 euros.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS





- Previsións iniciais: 6.512.396,68 euros.
- Modificación das previsións: 1.595.737,95 euros.
- Previsións definitivas: 8.108.134,63 euros.
- Dereitos recoñecidos: 6.879.948,87 euros.
- Dereitos anulados: 27.368,51 euros.
- Dereitos cancelados: 0,00 euros.
- Dereitos recoñecidos netos: 6.852.580,36 euros.
- Recadación neta: 6.483.986,87 euros.
- Dereitos pendentes de cobro a 31-12-20: 368.593,49 euros.
- Exceso/defecto previsión : -1.255.554,27 euros.

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA:

- Remanentes de tesourería total (Fondos líquidos+dereitos+pendentes de cobro-obrigas pendentes de pago : 2.758.355,29 euros.
- Saldos de dubidoso cobro : 1.380.141,55 euros.
- Exceso de financiación afectada : 46.450,01 euros.

Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.331.763,73 euros

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario, ao dispoñer que virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigas orzamentarias recoñecidas en dito período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

NOVENO. Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompañamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

- A) Gastos realizados no exercicio económico de 2020 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.
- Estes gastos realizados (obrigas recoñecidas), que foron financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.





- B) Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2020, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuirán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (obrigas recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

- C) Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.

A desviación é negativa cando os ingresos producidos non cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos de inversión que se realizaron neste exercicio económico e cun financiamento que se obtivo en exercicios anteriores, tal situación de non terse en conta xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, e elo obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, lograse aumentado aquel no mesmo importe que supoña dito déficit.

- Dereitos pendentes de cobro: 2.144.592,20 euros.
- Obrigas pendentes de pago: 1.072.915,33 euros.

DÉCIMO. Do remanente de Tesourería.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada a financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.

Obtense como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago.

- A. Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2020
- Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente: 368.593,49 euros.
 - Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados: 1.714.411,14 euros.
 - Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva: 61.587,57 euros.
- B. Obrigas pendentes de pago a 31/12/2020
- Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente : 521.006,03 €.
 - Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados : 380.916,77 €.
 - Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva : 170.992,53 €.
- C. Fondos líquidos a 31/12/2020
- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias: 1.632.750,57€





UNDÉCIMO. Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

- **Remanentes de tesourería total: 2.758.355,29 €.**
- **Remanente de tesourería para gastos xerais: +1.331.763,73 €.**

DUODÉCIMO. O informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria será obxecto de informe complementario.

CONCLUSIÓN

En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2020 nos termos seguintes:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2020 nos termos nos que esta foi redactada e nos termo que foi aprobada por Resolución nº. número 112/2021, de oito de marzo de 2021

SEGUNDO. Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente.

En Ares, a 22 de marzo de 2021.

O concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 4.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 5.- Mocións-Propostas

- **Moción BNG: Incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.**

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte **MOCIÓN sobre incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.**





Exposición de motivos:

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precarización de emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos moitas veces dubidosos ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de galegidade do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017. A perda de músculo financeiro de Galiza foi analizada polo nacionalismo galego como un dos principais problemas do noso país, con graves consecuencias no tecido económico e produtivo.

Desde o BNG seguimos defendendo que a alternativa a esta situación pasa necesariamente por medidas estruturais para regular o sector financeiro para limitar a especulación e subordinar a actividade financeira ás necesidades socioeconómicas do noso país. Para iso, apostamos polo impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Coa irrupción da pandemia do coronavirus a cobiza das entidades vai a precarizacións. Coa irrupción da pandemia do coronavirus a cobiza das entidades vai a precarizacións. máis e empregan o coronavirus coartada para seguir adiante cunha folla de ruta de olipolización orquestrada tamén a nivel europeo e internacional.

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Abanca incrementaba de forma substancial as súas comisións e cambiaba as condicións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven





incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos, como é o do Banco Santander, é xa imposible pasar diante dunha sucursal sen ver enormes colas que non se explican pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrigalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas. A gota que colmou o vaso foi a campaña publicitaria que Abanca tivo que retirar por presión social ao “convidar” aos noso maiores a empregar este soporte da mesma maneira que ven as e os netos na tableta. A campaña é só a punta do iceberg do que está acontecendo e do desamparo que sofren as e os consumidores, especialmente os máis maiores e as persoas con peores situacións económicas, que non son clientes interesantes para as entidades, que buscan eliminalos. O feito de Abanca retirar a campaña non está a supoñer un cambio no modus operandi desta ou doutras entidades.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.

2.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3. Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do





mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

En Ares, a 18 de Marzo de 2021.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que a moción presentada “Incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza” é un tema bastante candente acentuada no último ano especialmente ca pandemia. Realmente estamos ante unha situación bancaria ao respecto das entidades de gran concentración logo das eliminación das caixas o cal o BNG fai una lectura bastante negativa do sistema bancario actual de aí a que nos teñamos a nosa propia idea do que ven a ser una banca pública galega, pero realmente este punto que imos a tratar é a imposibilidade cada vez maior de poder te una relación de normalidade e non abusiva entre os consumidores e a banca. En días pasados un cliente do banco que temos aquí en Ares recibiu un correo que dicha “me poño en contacto contigo para comunicarte que o próximo 9 de abril os produtos que tes contratado coa nosa entidade na oficina sito na Rúa Real serán supervisados por una axente do banco Santander que atenderá no mesmo enderezo” ou sexa, que ademais de todo este cambio que esta habendo de todo o peche de entidades bancarias tamén en Ares o banco Santander vai ser atendida por un axente comercial, o cal nós entendemos que desde logo non vai a ser un bo servido.

Ademais de todo isto, está habendo cada vez mais un cobro tanto por mantemento de contas, tarxetas e ademais hai un deterioro grave de servizo as persoas delimitando as horas de atención aos clientes o que ocasiona un trastorno para moitos/as, pero eu ademais quería salientar o tema das persoas maiores porque realmente cara a onde tende a banca é cara a un servizo online, todo a través de aplicación móbiles, todo moi sinxelo, vas alí e che explican e din que é mi sinxelo pero hai unha brecha dixital en xente de maior idade que realmente non están ben atendidas. Son moitas as cosas e moitos os factores que non podemos desligar da situación política que estamos a vivir durante moitos anos e que realmente vemos que vai a ir todo esa dirección, é por iso que creemos que non podemos deixar que as entidades vana facundo o que queiran, cada vez está mis concentrado en menos entidades bancarias e polo tanto vai a desaparecer aquilo que antes chamaban competencia, aínda que cando falamos de competencia eu xa me río cando fallamos da telefonía móbil cando en altas esferas as empresas pónense de acordo para pactar prezos, condicións e políticas entre unhas e outras pero ben, esta moción centra a petición, e iso é o que traemos aquí a aprobación en tres puntos concretos;

1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.





2.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3. Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

Remata a súa intervención o voceiro do BNG dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a moción corresponde a una realidade que imos coñecendo, incluso vimos unha campaña moi agresiva en ABANCA dicindo que si podían ver aos seus netos na tablet que tampouco tiñan necesidade de acudir a oficina, efectivamente os intereses están baixos, non están no tipo de interese e en consecuencia o desvían a servizos anexos como seguros e comisións que poden alcanzar os 120€/anuais, cobran 60€/mes, 10€/mes e se quedan tan anchos, nós loxicamente imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde remata a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que están de acordo no fondo pero non na forma polo tanto, presentamos unha emenda transaccional que sería a seguinte;

1.- O concello de Ares insta ao goberno central a posta en marcha dun plan de exclusión financeira no ámbito rural, así como a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do senado aprobado o 9 de setembro do 2020, hai un acorde por parte dos grupos parlamentarios nacionais sobre este tema.

2.- O Concello de Ares insta a xunta de Galiza a que siga desenvolvendo nas súas competencias en materia de defensa de persoas consumidoras incluídos os usuarios da banca.

3.- O Concello de Ares expresa o seu apoio as xustas reivindicacións dos traballadores de ABANCA en defensa dos seus postos de traballo e dos servizos financeiros básicos.

Esta é a nosa proposta de emenda transaccional, como xa dixemos nos estamos de acordo no fondo pero non na forma polo tanto, senón se aproba esta emenda transaccional ímonos a abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que en principio o punto 3 sería o que quedaría máis ou menos igual, hai loxicamente diferenzas no punto 1 e 2 que a transacción modifica, en canto o pacto do senado o BNG non ten senador en consecuencia o BNG non formou parte de ese acordo pero ben, en todo caso ten a palabra o voceiro do BNG para fixar o alcance das transaccións que propón o PP e fixar as posicións de cara a votación do pleno.





Intervén o Sr Mesías Farías manifestando que hai uns puntos onde dende logo di a cousa de outra maneira pero ben a dicir o mesmo, non cremos que vaia a aportar nada novo. Ao respecto do acordo do senado como dicía o Alcalde, o BNG non participou pero é un acordo polo tanto non hai que instar a nada nin hai que apoiarse nese acordo porque xa está. Eu creo que as aportacións que traslada o voceiro do PP non supoñen unha mellora nin tampouco unha concreción da petición da moción polo tanto non a imos a aceptar, porque consideramos que non mellora nada, ao respecto do tema rural aí especifica o rural igual pensamos noutros concellos onde a diferenza do rural e o urbano está máis acentuada que aquí non Concello de Ares, si que nos concellos do interior de Lugo onde os servizos os teñen máis difícil. Polo tanto, todo iso que acaba de dicir vai incluído nesa moción e non vemos a viabilidade de incluílas.

Remata o voceiro do BNG dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a emenda transaccional é rexeitada na súa totalidade e se mantén a moción do BNG nos seus termos polo tanto, facemos unha segunda quenda de intervencións para quen queira usala.

Toma a palabra o voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que queren reiterar o acordo do senado, somos partidarios de que cando hai acordos por enriba dos concellos como pode ser a Comunidade Autónoma ou o Goberno central neste caso como non hai un acordo maioritario do goberno deste país creo que nos debemos respectalo e facelo constar na moción que se vai a aprobar, se vimos a instar ao goberno teremos que dicirlle que nós apoiamos o acordo plenario que foi aprobado no senado que é o máis xusto e o máis correcto, lamentamos que o BNG non teña senadores pero iso é o máis xusto e máis neste caso cando hai unanimidade, a gran maioría do país. Eu creo que iso ten que facerse constar porque iso xa foi debatido en órganos superiores e chegou a un acordo e o temos que respectar como administración local por iso nós seguimos insistindo e senón se quere corrixir nós o sentimos moito pero non somos culpables de que non teñan senadores, nós ímonos a apoiar no acordo plenario de todos os partidos a nivel nacional, facemos novamente esa reiteración e senón ímonos a abster.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que hai dúas circunstancias ben diferenciadas, o BNG non di que este en contra dun acordo do senado porque non teña representación no senado, puidera ser que unha decisión que se tomase no senado coincídese cunha valoración do BNG polo tanto esa non é a circunstancia, e a outra circunstancia non moito menos, dar como aceptada unha decisión dunha instancia superior por moita unanimidade que teña politicamente non ten sentido ningún porque para iso sobrarían incluso as administracións locais, porque como todo xa nos ven dado de enriba pos xa non imos a presentar nunca ningunha moción e ningunha proposta de algunha decisión que se toma enriba porque como se toma por unanimidade ou por maioría non ten sentido. Realmente o que nós estamos a defender é desde unha óptica municipalista, dunha óptica municipalista duns servizos que se prestan en Ares e dos servizos que reciben os nosos veciños/as por tanto o que nos facemos é





velar polo que pode facer no municipalismo neste sentido polo tanto, ademais de non ser aceptadas as emendas do PP desde logo non é nada compartida o relato mediante o cal o xustifica.

Unha vez rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo grupo BNG **“Incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.”** o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 do PSdG-PSOE, 1 de NAL e 2 BNG), e 3 abstencións (3 do PP) acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai.

Punto núm. 6.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde abre a rolda de rogos e preguntas, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández deixando constar que o Río Xanes (Mazote) atopase nun estado lamentable e habería que retirar o cartel da deputación que leva anos alí.

En relación a resolución 133/21 reclamación no SMAC na Coruña, en que consiste a reclamación.

En relación a resolución 124/21 que é a aprobación dun listado definitivo dunha proba que se fixo o venres pasado, cal é a razón pola que non se publicou a listaxe.

Intervén o Sr. Vilar Rico sinalando que en canto o Río Xanes esta previsto rematar ca pasarela ata a estrada.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que na farmacia se estivo facendo unha obra na beirarrúa e había dous espellos na Rúa Real, estes retiráronse e non se volveron a colocar, habería que repoñelos outra vez porque é un perigo.

Intervén o Sr. Vilar Rico manifestando que en canto se remate a obra repoñeranse os espellos.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández aclarando a motivación da resolución 133/21, foi unha traballadora que ao parecer tivo un accidente e non a deron de baixa por accidente senón por enfermidade común porque era unha lesión que xa tiña na columna, agora está reclamando que se lle considere accidente de traballo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o que non podemos facer e faltar a verdade, se hai alguén que aproveitando un contrato co concello intenta colar enfermidades anteriores, e non digo que sexa así, pero iso xera un conflito, se iso xa se viña padecendo e non é consecuencia do seu traballo pois é mellor que o diga un xuíz, a mutua di que non é un accidente, ela di que si pero nós non nos podemos meter niso.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo non podemos meternos porque igual estaba de alta e recaeu, hai moita picaresca sobre iso, iso teñen que dicilo os médicos e o SMAC.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a resolución 124/21 terei que asinala, pero a convocatoria era para ausencias e vacantes e a traballadora social xa esta de alta, iso tiña sentido cando estaba de baixa porque era para substituíla.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que nun pleno se dixo que se facía a convocatoria porque facía falta.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que a traballadora social colleu a alta ese día, e a convocatoria é de ausencias ou vacantes e non hai ningunha ausencia ou vacante.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando que se fai ca subvención da Deputación.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a subvención da Deputación ten o se propio procedemento de contratación, cando a Deputación concede unha subvención para contratar persoal tes que publicar as bases da Deputación, e contratar de acordo cas bases da Deputación, entón o problema que hai aquí é que o que se convocou era para ausencias e vacantes non se fixo constar expresamente para nada mais, eu creo que non serve porque é para substitucións por ausencia ou vacante e xa non a hai porque a titular da praza incorporouse.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a titular pódese dar de baixa outra vez.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que si, pero agora ca subvención da deputación non vale, non podemos tirar ducha listaxe de ausencias e vacantes para un novo contrato, como Alcalde teño que asumir a responsabilidade porque nos equivocamos nas bases é evidente, se a traballadora social non se incorporara poderíamos tirar dela pero para a contratación da deputación non, eu dinme conta cando ía a asinar a resolución e vin ausencia ou vacante trasladei a dúbida e comunicáronme que para a contratación da deputación non é válido.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e doce minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

